

A LINGUAXE COMO MEDIO DE VIOLENCIA SIMBÓLICA NO DEPORTE

OBXECTIVO

Estudar se a linguaxe se configura como un medio de violencia simbólica para perpetuar a discriminación das mulleres no deporte, lexitimando o estatus superior dos homes sobre as mulleres.

MARCO TEORICO

O poder simbólico emprega a violencia simbólica, é un poder lexitimador que suscita o consenso tanto dos dominadores como dos dominados, “un poder que constrúe mundo” en canto supón a capacidade de impor a visión lexitima do mundo social e das súas divisións (Bourdieu, 1987) e contribuíndo á reprodución interxeneracional de acordos sociais desigualitarios.

Existen evidencias científicas que relacionan a violencia cara as mulleres co deporte. A maioría dos estudos, a este respecto, foron realizados en EE.UU. e Canadá e indican que os homes que participan en deportes de contacto e deportes de equipo teñen máis posibilidades de cometer actos de violencia contra mulleres (Benedict e Klein, 1997; Kirby e Winthrop, 2002; Safai, 2002;). Crosset (2002), pide precaución ante estes argumentos, indicando que os elementos de violencia varían moito duns deportes a outros.

METODOLOXIA

A metodoloxía empregada inscríbese baixo o paradigma feminista. Para a recompilación de datos empregouse unha ficha de rexistro anecdótico que se aplicou a 40 alumnas voluntarias da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Coruña, co obxectivo de rexistrar frases machistas recibidas ao longo da súa carreira deportiva. Tamén se realizou un grupo de discusión con cinco estudantes para afondar tanto no tipo de mensaxes que reciben as deportistas como no seu significado. Para o tratamento dos datos realizouse unha análise de contido cualitativa que deu lugar a varias categorías.

RESULTADOS

A visión androcéntrica, “o home como modelo” ideal de práctica, está presente nas mensaxes analizadas. As rapazas, aínda que non lles guste, chegan a percibir como alago o feito de que se lles diga que xogan “como un home”. Ao mesmo tempo utilízanse palabras como marimacho, macholo, e semellantes para cualificar a aquelas rapazas que practican deportes tradicionalmente masculinos ou non seguen o canon físico hexemónico. Algunhas chegan a facer comentarios como: “No hago pesas para no parecer un hombre” (Xogadora de baloncesto), que demostran a influencia destes discursos.

DESPREZO POLA PRÁCTICA FEMININA

“Mamá, temos unha nena no equipo, vaia merda” (Nenos 7 anos, fútbol).

MASCULINIDADE AMEAZADA

“Me daría vergüenza que me ganara una chica” (Entrenador salvamento).

CUESTIONAMENTO DA FEMINIDADE

“Tienes brazos de hombre” (Nai dunha nadadora de 19 anos).

DISCURSOS DOMESTICACIÓN

“Nena pero que fas aquí? Vai para a casa fregar os platos” (Entrenador e xogadores partido fútbol, categoría infantil).

O HOME COMO MODELO

“No hay comparación del juego masculino al femenino, este último no es espectacular” (Compañeiro facultade).

INFERIORIDADE FEMININA

“Deja que ya saco yo que no tienes fuerza” (Compañeiro equipo de fútbol sala, 13 anos).

CONNOTACIÓN SEXUAL

“Se quieres tocar pelotas, as miñas que as teño aquí colgadas” (Espectador 1ª divis. autonómica, fútbol feminino).

Vamos que es una mujer, túmbala y tírate encima” (Espectador de entre 45-55 anos, partido de fútbol rexional mixto, categoría cadete).

INCITACIÓN VIOLENCIA FÍSICA

As frases que reciben as deportistas proceden de familiares, adestradores, profesores, compañeiros ou compañeiras de equipo, persoas con cargos nas federacións, médicos, compañeiros de clase, xogadores de equipos rivais, espectadores e espectadoras, conserxes de instalacións deportivas ou incluso profesores de distintos niveis e compañeiros da carreira. A violencia neste contexto céntranse en animar ás rapazas a deixar o deporte, a desanimalas ante o inicio de carreiras como adestradoras, a non telas en conta, a cuestionar a súa feminidade ou a non valorar os seus méritos deportivos. Desde idades moi temperás se despreza ás rapazas que fan deporte promovendo discursos en torno á inferioridade feminina ou a situar ás mulleres na esfera doméstica. As frases que incitan á violencia física son as que se dan en menor medida. Tamén aparecen insinuacións de carácter sexual, unhas veces moi evidentes e outras máis sutís. As rapazas elaboran estratexias para convivir con este tipo de linguaxe, algunhas incluso non reparando nelas e non dándolle importancia, pero outras vense superadas e abandonan a práctica deportiva. O deporte do que rexistramos maior número de frases machistas foi o fútbol.

CONCLUSIÓNS

Existe no mundo do deporte unha forma clara de violencia simbólica que perpetúa un sistema deportivo androcéntrico e machista: a linguaxe. Cando ás rapazas se lles pregunta por este tema, inicialmente, algunhas non son conscientes nin da existencia desta linguaxe, nin da súa importancia.

A maioría das frases que reciben as deportistas son emitidas por homes pero non existe un perfil único de persoas que utilizan este tipo de linguaxe. Algunhas deportistas recoñecen usar esa linguaxe nalgúns contextos deportivos, o que refuta as teorías de Bourdieu sobre a violencia simbólica e mostra a importancia do paradigma feminista na investigación.

No caso dos responsables de institucións relacionadas co deporte, de adestradores ou profesores, parécenos moi preocupante este tipo de comportamentos, xa que son axentes fundamentais para acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e o que fan é perpetuar un sistema de dominación masculina.

BIBLIOGRAFÍA

- Benedict, Jeffrey e Klein, Alan (1997): “Arrest and Conviction Rates for Athletes Accused of Sexual Assault”. *Sociology of Sport Journal*, 14, (86-94).
- Bourdieu, Pierre (1987): “The force of Law: Toward a Sociology of the Juridical Field”, *Hastings Law Journal* 38, 5, (805-53).
- Bourdieu, Pierre (1999): *La dominación masculina*, Anagrama, Barcelona.
- Crosset, Todd (2002): “Athletic Affiliation and Violence Against Women: Toward a Structural Prevention Project”, en McKay, Jim; Messner, Michael A. e Sabo, Donald (Eds.), *Masculinities, Gender relations, and Sport*. Thousand Oaks, CA, Sage, (147-161).
- Kirby, Sandra L., e Winthrop, Glen (2002): “Running the gauntlet: An examination of initiation/hazing and sexual abuse in sport”, *Journal of Sexual Aggression*, 8, 2, (49-68).
- Safai, Parissa (2002): “Boys Behaving Badly: Popular Literature on the Mis/behaviour of Male Team Sport Athletes in North America”, *International Review for the Sociology of Sport*, 37, 10, (97- 102).